

Información



Entrevistamos a Teresa Martínez de Limia Xestión, S. Coop. Galega

“A economía social permítenos compatibilizar a profesión co que máis nos satisfai, que é estar na nosa terra e convivir coas nosas familias”.

Comezaron a súa actividade no 2000 por necesidades de autoemprego e nestes 19 anos axudaron a constituír 75 cooperativas e sociedades laborais. Na actualidade reciben cada vez máis proxectos de emprendemento viables con vocación de perdurar no tempo.

[Ver máis](#)



Últimos días para presentar a túa solicitude á segunda edición dos premios Gemcat

As empresas privadas transfronteirizas que desenvolvan actuacións responsables en materia de conciliación e igualdade laboral poderán presentar ata o próximo mércores 21 de agosto a súa solicitude e documentación no seguinte enderezo: premiosgemcat@jcy.l.es.

[Ver máis](#)



Resultados da Rede Eusumo no 1º semestre de 2019

Cóñece en detalle os datos relativos aos servizos de formación, actividades divulgativas, participación en ferias, socios, boletín informativo, redes sociais e asesoramento e acompañamento da Rede Eusumo.

[Ver máis](#)

Actividades



Curso “Creación dunha cooperativa, cooperativa como solución e autoemprego para as mulleres”

Coñece os motivos polos que a fórmula cooperativa é a idónea para as mulleres, debido a que os seus principios fundamentais son os que mellor se adaptan ás súas necesidades e intereses. Ademais, mostrarase a actividade diaria dunha cooperativa de transportistas.

Datas: do 20/08/2019 ao 22/08/2019

Horario: 08:30 - 15:30 h

Duración: 20 h

Lugar: Sede APETAMCOR, Polígono Industrial San Cibrao das Viñas, rúa 7B nave 36, San Cibrao das Viñas (Ourense)

Inscripcións: 988254200 / maria.dopazo@apetamcor.gal

[Ver máis](#)

Formación cooperativa para persoas que queren emprender. Edición Vigo

Este obradoiro ten como obxectivos achegar o modelo cooperativo como unha opción laboral de autoemprego, descubrir as características das empresas cooperativas e coñecer un caso real dunha cooperativa en funcionamento.

Datas: 30 e 31 de agosto e 6 e 7 de setembro de 2019

Horario: venres de 18:00 a 22:00 h e sábados de 09:00 a 15:00 h

Duración: 20 h

Lugar: Asociación Galicia Fiddle, rúa Teófilo Llorente, 16, (O Berbés) Vigo

Inscripcións: [formulario](#) / 881887456 / patane@espazo.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal

